

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1- As mareas vivas prodúcense cando teñen lugar as seguintes fases da Lúa:

- a) Lúa Nova e Lúa Chea —> *alíñación Terra-Lúa-Sol*
- b) Lúa Nova e Cuarto Minguante
- c) Cuarto Crecente e Cuarto Minguante —> *mareas mortas*
- d) Lúa Chea e Cuarto Crecente

2- Cal dos seguintes procesos NON están asociados a un límite converxente entre placas?

- a) Subdución
- b) Formación da codia oceánica —> *límite diverxente (dorsal oceánica)*
- c) Vulcanismo
- d) Sismicidade

3- Cal é a razón de que non poidamos ver a “cara oculta” da Lúa?:

- a) Porque a Lúa non ten movemento de rotación
- b) Porque a Lúa non ten movemento de translación
- c) Porque os períodos de rotación e translación da Lúa teñen a mesma duración
- d) Porque os períodos de rotación terrestre e lunar teñen a mesma duración

4- Cal destas parellas de minerais son polimorfos: —> *igual composición química; distinta estrutura cristalina*

- a) Calcita e fluorita
- b) Seixo e ortosa
- c) Grafito e diamante
- d) Moscovita e biotita

5- A descontinuidade de Gutenberg sitúase:

- a) Na base da litosfera —> *descontinuidade de Conrad*
- b) No límite superior do manto —> *descontinuidade de Mohorovičić*
- c) No límite entre núcleo interno e núcleo externo —> *descontinuidade de Lehman*
- d) A uns 2900 km de profundidade

6- Cal dos seguintes minerais é mena de chumbo?: —> *mena = mineral a partir do cal se extrae un metal de interese comercial*

- a) Cinabrio —> *mena de Mercurio*
- b) Galena
- c) Pírita
- d) Calcopirita —> *mena de Cobre*

7- En cal das seguintes opcións as rochas están ordenadas por grao crecente de metamorfismo:

- a) Xisto – lutita – lousa – gneis
- b) Lutita – lousa – xisto – gneis —> *serie pelítica; a lutita é a rocha sedimentaria que se metamorfiza*
- c) Gneis – lousa – granito – migmatita
- d) Lutita – areisca – conglomerado – calcaria


8- Das seguintes formas, cal NON se corresponde co modelado fluvial?:

- a) Cárcavas —> *formadas por torrentes e augas de arroiada*
- b) Fervenza

- c) Meandro
- d) Canón

9-Cal é a placa litosférica que subduce por debaixo da placa Sudamericana e provoca sismicidade en Chile e Perú?

- a) A de Cocos
- b) A do Pacífico
- c) A de Nazca
- d) A de Juan de Fuca



10- Cal dos seguintes carbóns se explotou na mina galega das Pontes?:


- a) Antracita
- b) Hulla
- c) Lignito
- d) Turba

11- Que axente xeolóxico é responsable da formación de loess?:—> o material máis fino (pó) que procede do deserto é desprazado polo vento máis lonxe que ningún outro e acumúlase formando loess

- a) Río
- b) Glaciar
- c) Mar
- d) Vento

12-A parte do continente mergullada ata os 150-200 km e de pendente pouco pronunciada, chámase:

- a) Depresión oroxénica
- b) Noiro continental
- c) Plataforma continental
- d) Fosa tectónica



13- Cal das seguintes formas NON se corresponde co modelado cárstico?:

- a) Dolina
- b) Rasa —> modelado costero provocado pola erosión do mar; tamén se denomina plataforma de abrasión
- c) Poljé
- d) Lapiaz

14- Como se denomina a estrutura sinalada na imaxe?

- a) Delta
- b) Frecha litoral
- c) Tómbolo
- d) Plataforma de abrasión



15-Na proximidade dunha dorsal os sedimentos son:

- a) Moi antigos e con pouco grosor
- b) Moi modernos e con pouco grosor
- c) Moi antigos e con elevado grosor
- d) De máis grosor que nas chairas abisais

16- De que lugar de Galicia é característica a estrutura representada na fotografía?:

- a) Cabo Ortegal
- b) Canón do Sil
- c) Monte Pindo
- d) O Courel

Pregamento de Campodola —>
dobra sínclinal tumbada



17-A rocha máis representativa do manto terrestre é:

- a) O granito —> a máis abundante da codia continental
- b) A peridotita
- c) A caliza
- d) O basalto —> a máis abundante da codia oceánica

18- Cal destas zonas de Galicia NON está catalogada como Parque Natural?:

- a) Pico Sacro
 - b) Fragas do Eume
 - c) O Xurés
 - d) Complexo dunar de Corrubedo
- En Galicia hai 6 PN; ademais dos 3 das respostas b, c, d:
- PN da Enciña da Lastra
- PN do Monte Aloia
- PN O Invernadeiro

19- A magnitude dun terremoto exprésase mediante: —> magnitude = cantidade de enerxía liberada nun sismo

- a) A escala de Richter
- b) A escala de Mercalli —> mide a intensidade dun sismo = percepción humana do sismo
- c) A escala de Kelvin
- d) A escala de Wilson —> nada que ver cos terremotos

20- Cal dos seguintes elementos NON intervén na formación dun solo?:

- a) Meteorización
- b) Topografía
- c) Vexetación
- d) Subsistencia

21-A fragmentación de Panxea orixinou dous supercontinentes. O situado no hemisferio sur coñécese co nome de:

- a) Gondwana
- b) Laurasia —> no hemisferio norte
- c) Austral —> fragmento de Gondwana (formado máis tarde)
- d) Tetis —> mar que se formou entre Gondwana e Laurasia cando se fragmentou Panxea

22- Sabendo que o xacemento da mina de Touro, situada preto de Santiago, é rico en pirita e calcopirita, cal cres que pode ser o principal impacto derivado da súa explotación?:


- a) Acidificación das augas
- b) Destrución da capa de ozono
- c) Salinización de acuíferos
- d) Ningún dos anteriores

23-O Macizo Ibérico foi froito da oroxenia:

- a) Huroniana

- b) Varisca (Hercínica) —> entre Devónico e Pérmico (final Paleozoico)
 c) Alpina —> a máis recente; comezou no Cretácico (Mesozoico)
 d) Caledoniana —> a máis antiga; entre Silúrico e Devónico (inicio Paleozoico)
- 24- Cal dos seguintes métodos de datación é o máis indicado para datar rochas precámbricas:
- a) Dendrocronoloxía
 b) Varvas glaciolacustres
 c) Carbono 14
 d) Ningún dos anteriores
- 25- As ondas sísmicas P:
- a) Só se propagan por medios fluídos
 b) Propáganse con menor velocidade que as ondas S
 c) Atravesan toda a Terra sempre coa mesma velocidade
 d) Propáganse con maior velocidade nos medios sólidos que nos fluídos
- 26- Cal dos seguintes combustibles fósiles é máis probable que conteña sal:
- a) Gas natural —> fórmase xunto co petróleo, pero os gases non levan sales disoltas
 b) Petróleo —> porque se forma en ambiente mariño (restos de seres vivos mariños)
 c) Antracita
 d) Hulla —> son carbóns formados a partir de restos vexetais en ambiente continental palustre (pantanoso)
- 27- Para argumentar a “Deriva Continental”, Wegener baseouse no estudo de:
- a) Fósiles —> probas paleontolóxicas
 b) Pegadas asociadas ao clima do pasado —> probas paleoclimáticas
 c) As formacións xeolóxicas antigas —> probas xeolóxicas
 d) Todas as opcións anteriores son correctas
- 28- Cal dos seguintes fenómenos pode ocasionar tsunamis?:
- a) Vulcanismo
 b) Movementos sísmicos —> todos poden ser causa de desprazamento de grandes masas de auga se ocorren no lugar apropiado
 c) Desprendementos
 d) Todos os anteriores
- 29- Que dous elementos químicos son máis abundantes no núcleo terrestre?
- a) Ferro e níquel
 b) Manganeso e ferro
 c) Silicio e cobre
 d) Chumbo e ferro
- 30- Das seguintes afirmacións, cal é a correcta?
- a) As fallas transformantes producen terremotos de foco moi profundo e volcáns de magma moi ácido —> non producen magmatismo
 b) Os bordes construtivos de placa forman as dorsais con lava moi ácida, viscosa e explosiva —> a lava que sae polas dorsais é básica e fluída e non provoca explosións
 c) Os bordes destrutivos de placa chámanse zonas de subdución e coinciden con fosas oceánicas
 d) Os bordes pasivos de placa están atravesados por fallas normais con movemento na vertical —> son fallas transformantes con movemento horizontal

Corte xeolóxico: A partir do seguinte corte xeolóxico contesta as seguintes preguntas:



LEENDA: A- Calcarias con *Nummulites*; B: margas; C: aréscas con dinosauros; D: calcarias; E: lousas con *Calamites* e niveis de carbón; G: xistos; H: aureola metamórfica; I: Granito; F: pegmatita.

31- Cantas etapas de erosión observas no corte xeolóxico?

- a) 1
- b) 2
- c) 3
- d) 4

—> despois do pregamento de E/G; despois do basculamento de D/C; e a erosión actual sobre A

falla directa: o bloque sobre o plano de falla está afundido

falla inversa: o bloque sobre o plano de falla está elevado

antiformal: pregamento con forma de A

sinformal: pregamento con forma de V

xeoclinal: sinclinal profundo que se forma no fondo das cuncas sedimentarias

diáclase: fractura das rochas sen desprazamento dos bloques

32- Que tipos de deformacións aparecen no corte?

- a) Falla inversa e antiformal
- b) Falla directa e sinformal
- c) Falla directa e antiformal
- d) Xeoclinal e diáclase

33- Os fósiles mencionados, *Calamites*, dinosauros e *Nummulites*, son respectivamente:

- a) Mesozoicos, cenozoicos e paleozoicos
- b) Paleozoicos, mesozoicos e cenozoicos
- c) Primarios, terciarios e cuaternarios
- d) Todos son mesozoicos

34- Os fósiles mencionados, *Calamites*, dinosauros e *Nunmulites*, correspóndense respectivamente con ambientes:

- a) Mariños, mariños e desérticos
- b) Pantanosos, continentais e mariños**
- c) Arrecifais, continentais e continentais
- d) Todos son mariños

Calamites: fento arbóreo do carbonífero (Paleozoico) de ambiente palustre (pantanos); formou carbóns ó acumularse despois de morrer

Dinosaurios: réptiles terrestres do Mesozoico

Nunmulites: protozoos mariños do Paleóxeno e Neóxeno (Cenozoico)

35- A letra F representa:

- a) Unha falla
- b) Un sill ou filón capa —> o sill ou filón capa é un plutón concordante
- c) Un dique** —> está formado por pegmatita (rocha subvolcánica ou filoniana); plutón discordante
- d) Unha cheminea volcánica

36 Sabemos que 3 é anterior a F polo principio de: —> superposición de sucesos xeolóxicos: un evento

- a) Sucesión faunística
- b) Horizontalidade orixinal
- c) Superposición de estratos
- d) Ningunha das anteriores**

xeolóxico que afecta a outro sempre é posterior ó primeiro

37- O proceso que deu lugar o relevo actual é:

- a) Abrasión mariña
- b) Bioturbación
- c) Karstificación**
- d) Ascenso diapírico

—> formación de estruturas xeolóxicas por disolución de rochas calcarias en auga; o estrato A son calcarias e as manchas amarelas que aparecen nel representan zonas disoltas pola auga (dolinas, poljés, etc.)

38- Cal das secuencias cronolóxicas dos materiais é correcta?

- a) $G > E > D > C > F > B > A$**
- b) $I > H > G > E > F > D > C > A > B$
- c) $I > H > F > G > E > D > C > B > A$
- d) $G > E > F > D > C > A > B$

39- Os contactos sinalados como 1 e 2 son respectivamente:

- a) Paraconformidade e paleorelevo
- b) Discordancia angular e inconformidade**
- c) Inconformidade e paraconformidade
- d) Concordante e discordante

40- O proceso polo que se formou H é:

- a) Diaxénese —> este proceso forma rochas sedimentarias
- b) Meteorización química

c) Metamorfismo de contacto —> na lenda xa indica que H é unha aureola de metamorfismo (rodea a unha masa de rocha granítica = rocha magmática plutónica que solidificou a partir dun magma quente)

- d) Metamorfismo rexional